

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE TABOADA**

ANUNCIO da convocatoria do proceso de estabilización de emprego temporal para a selección de 6 auxiliares de axuda no fogar, polo procedemento de concurso-oposición, incluídas na oferta de emprego público extraordinaria para o ano 2022.

Mediante a Resolución da Alcaldía do Concello de Taboada do 14 de novembro de 2022 aprobáronse as bases e a convocatoria para cubrir 6 prazas de auxiliares de axuda no fogar, polo procedemento de concurso-oposición.

No *Boletín Oficial* da provincia de Lugo núm. 262, do 16 de novembro de 2022, aparecen integramente publicadas as bases da convocatoria para cubrir 6 prazas de auxiliares de axuda no fogar, polo procedemento de concurso-oposición, cuxas características son:

Denominación do posto: auxiliar de axuda a domicilio.

Subgrupo: agrupación profesional.

Escala: servizos especiais.

Titulación académica: certificado de profesionalidade de auxiliar de axuda no fogar ou certificados de profesionalidade que son válidos para institucións.

Número de vacantes: 6.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial del Estado*.

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no *Boletín Oficial* da provincia de Lugo, no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Taboada, www.concellotaboada.es

Taboada, 17 de novembro de 2022

Ramiro Moure Ansoar
Alcalde

